

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
MATERIA	Sistemas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación III
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Dirección Escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección Escénica e Dramaturxia
CURSO	2º
CRÉDITOS ECTS	2.5
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	Escola Superior de Arte Dramática de Galicia
COORDINADOR/A	María Francelina Crespo Méndez
DOCENTE	Nome e apelidos: Óscar Codesido Breijo Horario titorías: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: D3 Contacto: codesidobreijo@edu.xunta.gal ermelmorales@edu.xunta.gal
DESCRIPCIÓN	Principios teóricos e dimensión práctica dos procedementos e recursos expresivos do/da actor/actriz. Aplicación de diferentes estilos e métodos interpretativos na perspectiva da dirección escénica e a dramaturxia.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Ter asimilados os contidos anteriores da disciplina.
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicolxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolxicos asociados ao espectáculo.

X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.	
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.	
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.	
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE		
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.	
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.	
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.	
ED5	Investigar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.	
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		
COMPETENCIAS VINCULADAS		
1. Afianzar no alumno os coñecementos adquiridos no curso anterior.	T2,T3, X1,X6,ED1,ED5	
2. Coñecer as ferramentas de traballo propias da interpretación e aplicalas na dirección escénica.	T2,T3, X1,X2,X3, X6, ED1,ED5	
3. Dotar ao alumnado de recursos para afrontar diferentes códigos interpretativos, xéneros, estilos ou tendencias.	T2,T3, X1,X2,X3,X6,X8,ED1, ED2, ED3,	
4. Capacitar ao alumno para relacionar a teoría da interpretación coa súa práctica.	T1, T2,T3, X1,X2,X3,X4,ED1	
5. Comprender os procesos derivados da relación competencial entre o/a actor/actriz e o/a director/a durante o proceso creativo.	T1,T2,T3,T6,T7, X6,X8,ED1,ED3	
6. Acadar diversos recursos para afrontar a construción do personaxe dende a caracterización física e vocal.	T1,T2,T3,T6,X2,X3, ED5	
7. Desenvolver o sentido da autocrítica, a autodisciplina e o traballo en equipo nos procesos creativos.	T1,T2,T3,T6,X3,ED5	
8. Fomentar o interese pola investigación e a experimentación colectivas.	T1,T2,T3, X3,X6,X8, ED5	
4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS/h
1. Sistemas de Interpretación	1.1 Stanislavski: O método das accións físicas 1.2 Anne Bogart: A técnica de composición.	20h

2. Prácticas de interpretación	2.1 Exercicios de improvisación. 2.2 Exercicios de composición.	25h	
TOTAL SESIÓNS		45	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias	5		5
Exposición práctico-teórica	8		8
Práctica individual	14	15	29
Práctica colectiva	9	15	24
Tutorías individuais	2		2
Tutorías de grupo	2		2
Actividades de avaliación. Probas/ Revisión	5		5
TOTAL	45	30	75
PORCENTAXE	60%	40%	100%
6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE			
Actividades	Descrición		
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.		
Prácticas de Interpretación. Realización de exercicios de improvisación segundo os diferentes modelos de actuación.	O alumnado aplicará en escenas individuais o de conxunto os principios fundamentais dos diferentes tipos e sistemas de improvisación como instrumento pre-expresivo imprescindible da técnica actoral.		
Práctica Individual	O alumnado desenvolverá prácticas específicas na aula baixo as directrices e supervisión do/da docente.		
Práctica colectiva	Realización de actividades e de traballo en equipo que permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.		
Tutoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co/coa docente da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.		
Tutorías individuais	Entrevistas que o alumnado mantén co/coa docente da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe		

Actividades complementarias	Actividades relacionadas coa aprendizaxe da materia e que non se desenvolven no ámbito escolar. Asistencia a espectáculos, recollida de documentación, asistencia a rodaxes.	
7. ATENCIÓN PERSONALIZADA		
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.	
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.	
8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario e asistencia.	T1,T2,T3,T6,T7, X1, X2, X3, X6, ED1,ED2, ED5	50%
Presentación dun exercicio práctico baseado nos traballos de creación realizados na aula. A determinar polo docente a súa presentación á comunidade académica.	T2,T3, X1, X2,X3,X6,X8, ED1,ED5	30%
Memoria escrita para presentar de modo oral donde se expoña o proceso actoral do exercicio anterior, remitíndose sempre a os contidos, temas e subtemas da Guía. De entre 2 e 4 folios seguindo os protocolos de edición e redacción contemplados polo centro.	T1,T2,T3,T6,T7, X1, X2, X3,X8, ED1,ED5	20%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Representación dunha escea ou peza breve de entre 15 e 20 minutos de duración que debe incluír polo menos dous intérpretes en total. A proposta debe ser comunicada a o profesor/a con dous meses de antelación previos a data do examen, dispoñendo o docente de 5 días hábiles para comunicar a súa aprobación.	T2,T3, X1, X2,X3,X6,X8, ED1,ED5	65%
Memoria escrita donde se expoña o proceso actoral do exercicio anterior, remitíndose sempre a os contidos, temas e subtemas da Guía. De entre 10 e 15 folios seguindo os protocolos de edición e redacción contemplados polo centro.	T1,T2,T3,T6,T7, X1, X2, X3, X6,X8, ED1,ED2, ED5	35%
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
As mesmas da avaliación extraordinaria	As mesmas da avaliación extraordinaria	As mesmas da avaliación extraordinaria

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Bogart Anne (2005), *Introducción a Dirección de Escena. Sete ensaios sobre a arte teatral*, Vigo. Galaxia.
- Bogart Anne/ Landau Tina (2022), *El libro de los Viewpoints*, Bilbao. Artezblai.
- Chéjov, M (1999), *Sobre la técnica de la actuación*, Barcelona. Alba Editorial
- Knebel, M. O. (1999) *El último Stanislavski*, Madrid. Fundamentos.
- Stanislavski, C. (2003). *El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la vivencia*. Barcelona. Alba Editorial.
- Stanislavski. C. (2009), *El trabajo del actor sobre sí mismo en el proceso creador de la encarnación*. Barcelona. Alba Editorial.

Referencias complementarias

- Chéjov, M. (2006) *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona. Alba editorial. Knebel,
M. O. (2004) *La palabra en la creación actoral*. Madrid. Fundamentos.

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

Todos os traballos escritos deben seguir as normas académicas recollidas no seguinte enlace: [IP701.10 Normas presentación e defensa TFE](#)